

RÉXIME TRANSITORIO DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL (EDIUS) E CONSTITUCIÓN DOS SEUS ÓRGANOS TRANSITORIOS.

Tras a publicación do Decreto 118/2019, do 19 de setembro, polo que se crea na Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) e se suprime a Escola de Doutoramento Internacional en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, a Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra, a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias da Saúde e a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias e Tecnoloxía, creadas polo Decreto 91/2017, do 21 de setembro, e tal e como se establece no Acordo de Creación da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) e de supresión das catro Escolas Creadas polo Decreto 91/2017, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019, no seu punto segundo 2.2, o Consello de Goberno da USC aprobará o réxime transitorio da Escola e a constitución dos seus órganos transitorios mediante unha norma.

Por Resolución Reitoral do 10 de outubro de 2019 para evitar o baleiro legal na toma de decisións acordouse que os órganos do CIEDUS e das catro Escolas seguiran exercendo as súas competencias ata a aprobación, polo Consello de Goberno, do réxime transitorio e que durante este período a dirección da EDIUS fose asumida provisionalmente polo director do CIEDUS.

Procede, en consecuencia, dar efectividade á creación da EDIUS coa supresión do CIEDUS e das catro Escolas de Doutoramento da USC creadas polo Decreto 91/2017, mediante a aprobación do réxime transitorio da Escola de Doutoramento Internacional da USC.

Á vista do anterior o Consello de Goberno ACORDA:

TITULO I.- ESTRUCTURA ORGÁNICA TRANSITORIA DA EDIUS

ARTIGO 1.- Órganos unipersoais

Para o funcionamento da EDIUS e mentres non sexan elixidos os seus órganos segundo o establecido nos Estatutos da USC e as súas normas de goberno, nomearanse polo reitor:

- Unha persoa Directora comisaria da EDIUS
- Unha persoa Subdirectora por cada Sección

- Unha persoa como Secretaria da EDIUS a proposta do director comisario da EDIUS.

ARTIGO 2.-Órganos colexiados

2.1 Para o efectivo funcionamento do Comité de Dirección da Escola tras a constitución da EDIUS e mentres non sexan elixidos segundo o establecido nos Estatutos da USC, o Comité de Dirección disporá da seguinte composición transitoria:

- a) A persoa titular da Dirección Comisaria da Escola de Doutoramento, que o convocará e presidirá.
- b) A persoa titular da Secretaría da Escola de Doutoramento, que o será tamén do Comité de Dirección.
- c) As catro persoas comisarias responsables das distintas Subdireccións da Escola.
- d) As coordinadoras e coordinadores dos programas de doutoramento adscritos á Escola. No caso de programas interuniversitarios de doutoramento incluírase aos coordinadores da USC.
- e) Catro docentes ou investigadores doutores con vinculación permanente á USC propostos un por cada subdirector comisario de cada sección da Escola.
- f) Catro representantes dos alumnos de doutoramento, propostos un por cada subdirector comisario de cada sección da Escola.
- g) Un representante do persoal de administración e servizos, designado pola Xerencia a proposta do director comisario da EDIUS.

2.2 Serán membros da Comisión Executiva transitoria da EDIUS os membros designados por cargo. No relativo aos membros elixibles do apartado d) do artigo 10.1 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS (RRI EDIUS), aprobado no Consello de Goberno do 28 de xullo de 2019, procederase como se describe a continuación:

- d) Os catro docentes ou investigadores membros do Comité de dirección transitorio do apartado 2.1.e).

2.3. Serán membros de cada Comisión Sectorial transitoria da EDIUS os membros comisarios designados en función do seu cargo.

2.4 Serán membros da Comisión de Calidade transitoria da EDIUS os membros designados por cargo. No relativo aos membros elixibles do apartado d), e), f) do artigo 12.1 do RRI da EDIUS, procederase como se describe a continuación:

- d) Catro coordinadores dos Programas de Doutoramento propostos na primeira reunión da Comité de Dirección transitorio da Escola, un por cada sección da Escola.
- e) Os catro doutorandos membros do Comité transitorio de Dirección da EDIUS do apartado 2.1. f).
- f) O representante do persoal de administración e servizos, membro do Comité transitorio de Dirección da EDIUS.

TÍTULO II.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA TRANSITORIA DA EDIUS

TERCEIRO.- Persoal de administración e servizos da EDIUS.

A EDIUS terá o persoal de administración e servizos adscrito ata o momento ao CIEDUS para o desenvolvemento das súas competencias.

TÍTULO III.- ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA TRANSITORIA

CUARTO.- . Do exercicio transitorio das competencias administrativas en materia de estudos de doutoramento.

4.1 A EDIUS a través dos seus órganos colexiados transitorios e tendo en conta as competencias de cada un deles, asumirá as competencias do CIEDUS e das anteriores Escolas, e proseguirá coa tramitación dos expedientes inconclusos, conforme as competencias establecidas na normativa da EDIUS

4.2 O Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, o seu Código de Boas Prácticas, e o Sistema de Garantía de Calidade seranlle de aplicación aos órganos transitorios establecidos neste acordo en todo aquilo que lle poda ser aplicable.

DISPOSICION FINAL.- Entrada en vigor

Este acordo entrará en vigor na data da súa publicación na Sede electrónicas da USC e será efectivo ata a constitución de todos os órganos colexiados da EDIUS logo dos procesos de elección e designación dos seus membros e dos correspondentes ceses e nomeamentos.

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/10/2019 15:27:12.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/10/2019 15:05:45.

CSV: 906C-B0B9-48DB-AABF